



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

## BANDO

*Juan Manuel Vidal Seage,  
Alcalde do Concello de Pontecesures*

*Informa:*

### ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - RESERVA PRAZAS CURSO 2020/2021

Informase ós/ás veciños/as que o **prazo de preinscrición** na Escola Infantil Municipal (Gardería) para a reserva de praza dos alumnos/as, e a **solicitud de novas prazas** de cara ó vindeiro curso escolar 2021/2022 (a partir do 1 de setembro) **estará aberto do 1 ó 15 de abril.**

A EIM ten un horario de 8 da mañá a 20 da tarde de luns a venres (agora mesmo reducido ás 18 h. pola crise sanitaria COVID19), tódolos meses do ano, excepto en agosto con só xornada de mañá, e conta cunhas modernas instalacións e equipamentos, e o seu persoal proporciona aos nenos/as que acoden as atencións e coidados necesarios para promover o seu desenvolvemento harmónico e integral. Conta co Servizo de Comedor, no que os nenos e nenas teñen ao seu dispor unha dieta san e equilibrada, axeitada.

**As solicitudes de reserva de praza para nenas e nenos que xa acoden á EIM presentaranse directamente na Escola Infantil Municipal.**

**As solicitudes de novas prazas para acceder á EIM entregaranse nas oficinas municipais do Concello de Pontecesures, tendo preferencia os/as domiciliados/as en Pontecesures.**

Máis Información e **presentación de solicitudes de preinscrición para alumnos/as novos/as** poden dirixirse a **Oficina de Emprego** do Concello entre as 8 ás 15 horas.

En Pontecesures a 9 de marzo de 2021.



Asdo.- Juan Manuel Vidal Seage.